

Beatriz L. Dorado



Botar andar...

O Mediterráneo, como di a canción, viume nacer un 25 de novembro na axitada década dos oitenta. Son filla e neta de emigrantes galegos. Da miña crianza e adolescencia na cidade de Barcelona gardo todo o haber de lembranzas que configuran boa parte do meu *modus vivendi*. Ás veces bohemia, ás veces tamén realista. Bástame calquera momento e lugar para enxeñar soños, e ser o suficientemente irresponsable como para ousar levalos adiante.

Neses anos mediterráneos nace a miña desmesurada paixón pola literatura. Paixón transmitida pola miña avoa Dolores. Como ela nunca gozou de boa vista, delegaba nos meus ollos sans para que lle leran toda clase de libros, revistas e xornais. Aínda que o que máis nos gustaba ás dúas era a poesía.

Na actualidade resido, e circunscribo parte dos meus soños, na cidade amurallada.

Formación e deformación

Son diplomada en Educación Primaria pola USC, onde tamén realicei un mestrado en novas tecnoloxías aplicadas ao ensino. Posteriormente, incluíu á miña formación outras especialidades relacionadas co eido educativo. Desde hai varios anos exerzo como mestra, profesión que me ensinou que nada sei e que é deber inescusable o aprender. Emporiso, en horario “visible” son mestra e en horario “invisible” (tardes, fins de semana e vacacións) aprendiz de todo aquilo que poida axudarme a ofrecer o mellor de min mesma.

Escribir para non morrer de todo

Se de algo estou segura é que non podo nin quero vivir sen escribir. Ler e escribir son como respirar, son vida. Até hai poucos anos non me animei a publicar os meus relatos e poemas (e moitos deles aínda fican gardados na opaca intimidade do caixón esquecido). Pero tras unha sucesión de capítulos grises, optei por canalizar a dor a través dun exercicio continuo de escritura. A partir de aí, algunhas das miñas amizades insistiron en que non abandonara ese camiño.

En 2010 obtiven con *A fábrica de iogures* o primeiro galardón na modalidade de relato no concurso da Pipa de Becerreá. No 2012 con *Universo Artur* conseguín o primeiro premio en narrativa dese mesmo certame.

Alguns dos meus relatos, como *O último verán da Escola de Virxinia* e *O balancé do silencio* foron publicados no 2013 no xornal El Progreso na sección de Contos de verán.

No Nadal dese mesmo ano obtiven con *Bicos Carmiña* o segundo premio -modalidade de relato- no concurso de Terras de Chamoso e quedei finalista no certame de poesía de López Ardeiro (Negreira).

En 2014 viu a luz unha obra poética colectiva *Alén do silencio*, na que participo co poema *Muller*, e comparto orgullosa territorio utópico con autores navegos (Toño Núñez e Eva Xanim). A finais dese mesmo ano obtiven con *Lesión de menisco* o segundo premio do certame Contos de verán (El Progreso).

Durante o 2015 participei co poema *Benvido bendito* na Revista Xistral, e recibín o segundo galardón co relato *naviadela*, un retorno á miña orixe ancaresa, no concurso Terras de Chamoso.

No que levamos de 2016, teño participado, co poema *Un puñado de terra*, nun libro colectivo en homenaxe á figura de Manuel María.

Escribir para esta nómade literaria vai acompañado co seu xeito de entender a existencia. Non sei até que punto “intoxico” de literatura este ir e vir do vivir, e até que punto parte do meu sentir queda plasmado no que escribo. Escribir é cuestionarme a min mesma, o mundo no que vivimos, tratar de ser honesta e xusta coa vida e non deixar, xamais, de soñar. Porén, aínda con estas canas madrugadoras, podo dicir que me queda moito que aprender, todo un mundo por coñecer e o mellor por escribir.

*“Esto e inda máis, eu quixera
desir con lingua grasiosa;
mais donde a grasia me falta
o sentimento me sobra,
aunque este tampouco abasta
para espricar certas cousas,
que a veces por fora un canta
mentras que por dentro un chora”*
Rosalía de Castro